

ACTA DA 3ª SESIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE ABRIL DE 2018 DO PROCEDIMENTO ABERTO, TRAMITACIÓN ORDINARIA DO “SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MARQUESIÑAS NO CONCELLO DA ESTRADA” CON CARGO AO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017-Liña 1.

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial do Concello da Estrada, sendo as 10:10 horas do día 26 de abril de 2018, reúnen-se os integrantes da Mesa de Contratación nomeados para o contrato do SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE MARQUESIÑAS NO CONCELLO DA ESTRADA”, que a continuación se relacionan:

PRESIDENTE: O Sr. Alcalde en funcións D. Juan Manuel Constenla Carbón.

VOGAIS:

-Dona María Jesusa Fernández Bascuas, Secretaria acctal., Municipal
-Dona Rosa María Méndez Aragunde, interventora acctal., Municipal.
-D. Daniel Órrea Corral, arquitecto técnico municipal.
-Dna. Belén Louzao Vieites representante do PS de G-PSOE.
-D. Xosé Magariños Maceiras representante do BNG
-Dona Mar Blanco Casais, representante de MOVETE.
Non asiste ningún representante do PS de G-PSOE.
-SECRETARIA DA MESA: Dna. María Josefa Martínez Barros, Administrativo adscrita ao Departamento de Secretaría.

Pola Secretaria acctal., da Corporación ponse en coñecemento da Mesa que, na reunión celebrada o pasado 6 de abril de 2018, acordouse excluir desta licitación á empresa GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L., porque non se considerou subsanada a documentación que se lle requirira mediante notificación electrónica o día 23 de marzo de 2018, tal e como consta no expediente. Dado que a citada empresa non accedeu ao seu contido dentro do prazo legalmente establecido, de conformidade co artigo 43.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas enténdese como rexeitada. Non obstante presenta un sobre pechado que é rexistrado de entrada no Concello o día 27 de marzo de 2018 co nº 2018-E-RC-2705, que contén a documentación requirida.

O día 6 de abril de 2018 envía diversa documentación ao correo electrónico do departamento de Secretaría ao mesmo tempo que solicita a confirmación de subsanación da documentación administrativa (Sobre A).

O día 10 de abril de 2018 envía outro escrito vía e-mail ao correo de Secretaría mostrando a disconformidade coa decisión da Mesa solicitando a súa inclusión no procedemento de licitación e como consecuencia, se proceda a apertura do sobre correspondente á oferta económica.

A Mesa despois de examinar a documentación aportada pola citada empresa, considera que non aparece acreditado que accedera ao contido da notificación mediante comparecencia na sede electrónica, polo tanto non se pudo iniciar o cómputo do prazo para presentar a subsanación da documentación, figurando no expediente electrónico o documento que acredita que a notificación foi rexeitada ao transcorrer o prazo legal para acceder á mesma, polo tanto e despois de deliberar sobre o particular a Mesa acorda por unanimidade ratificarse no acordado na reunión celebrada o día 6 de abril de 2018, donde quedaba excluída a empresa GLOBALIA URBANISMO INTEGRAL S.L., desta licitación.

E non sendo outro o obxecto desta reunión, dáse por rematado este acto sendo as dez horas e corenta e cinco minutos do día do seu comezo.